



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE XULLO DE 2015**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Oscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Augusto Rey Moreno, don Juan González Leirós, don Jesús Bao Bouzas, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Non asiste e presenta escusa don Ramón Boga Moscoso.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 13 e 20 de xullo de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 13 e 20 de xullo de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Orde do 10 de xullo de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 136, do día 21 de xullo de 2015).

- Orde do 10 de xullo de 2015, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de arte escénicas e musicais de carácter aleccionado, e se convocan para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 136, do día 21 de xullo de 2015).

- Anuncio da Secretaría xeral. Servizo de Contratación, de formalización de contratos efectuados pola excma. Deputación provincial da Coruña, durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2015, entre os que figuran os seguintes: "mellora seguridade viaria DP 1701 A Rocha a Anceis P.K. 0+000 a 0+780 (Cambre) (1411000036.0). Plan de conservación de vías provinciais 2014, segunda fase"; "mellora seguridade vial DP 1702 P.K. 1+870 a 2+270 (Cambre) (1411300002.0) Plan de travesías 2014, segunda fase"; "proxecto mellora seguridade vial



intersección DP 1704 coa DP 0102 (Cambre) (1411000041.0) incluídas no Plan de sendas peonís 2014, terceira fase”; “grupo 10: Cambre a Carral (1511000011.0). Plan de conservación de vías provinciais 2015, primeira fase”. (Boletín Oficial da Provincia número 136, do 21 de xullo de 2015).

- Orde do 13 de xullo de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e do Programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 137, do día 22 de xullo de 2015).

- Resolución do 22 de xullo de 2015, da Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, pola que se modifica a de 28 de decembro de 2012, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos. (Boletín Oficial do Estado número 176, do 24 de xullo de 2015).

- Decreto 103/2015, do 15 de xullo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 139, do día 24 de xullo de 2015).

- Resolución do 13 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao convenio marco asinado entre a Administración xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 140, do día 27 de xullo de 2015).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 17 ao 23 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1223/2015 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Obras e Servizos número 1267/2015.

#### **Informes da alcaldía**

O señor alcalde dá conta dos seguintes asuntos:

- O venres chamou ao subdelegado do Goberno informándolle que houbo uns actos vandálicos na zona do Graxal, con motivo das festas do Burgo, e solicitou a presenza da Garda Civil dado que soamente había unha patrulla e estaba no Burgo.

- Convocará a Xunta Local de Seguridade para o vindeiro mes de outubro.

- Están a facer os carnés para os concelleiros segundo establece o Regulamento orgánico municipal, e tamén os farán para os funcionarios para a súa identificación ante os veciños e empresas.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Obras e Servizos**



Don Augusto Rey Moreno dá conta dos seguintes asuntos:

- Con data do 23 de xullo de 2015 asinouse coa entidade "Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L. (IMEGA) o contrato correspondente á prestación do servizo de limpeza, roza e desherbado de malezas das gábias de titularidade municipal, (expediente nº 2015/C004/000006), cun importe anual aproximado de 57.553,86 euros IVE incluído, e un total contractual de 172.661,58 euros IVE incluído.
- Por resolución 1257/2015, do 22 de xullo, desta concellería, prorrogouse ao ano 2016 o contrato suscrito coa Federación Gallega de Vela, no expediente número 2015/C004/000004, servizo de organización e desenvolvemento dun campamento de verán para o ano 2016. Tal e como consta na cláusula IV do contrato suscrito, a Federación Gallega de Vela propón os seguintes destinos para o ano 2016: primeira opción, Centro Galego de Vela, en Vilagarcía de Arousa; segunda opción, Illa de San Simón, en Redondela e terceira opción, campamento de Virxe do Loreto, en Porto do Son.
- Por resolución desta concellería número 1275/2015, do 24 de xullo, adxudicouse o procedemento negociado sen publicidade para a produción e contratacións artísticas do XXIV festival "Rock in Cambre 2015" (expediente 2015/C006/000003), a prol da entidade "Alboroto Producciones, S.L.", con CIF B02471746 e domicilio social na rúa Herradores, número 22, baixo, 02002 Albacete, no importe ofertado de 64.128,79 euros IVE incluído. O cartel artístico proposto constitúenno os grupos rock "Reincidentes" e "Los Enemigos", (ademais dos grupos locais propostos polo Concello de Cambre).

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Benestar Social e Educación**

Don Jesús Bao Bouzas dá conta dos seguintes asuntos:

- Hoxe, a partir das 11.30 horas na Alcaldía e coa asistencia dos voceiros convocados polos pais de Alejandro, o neno que padece diabete con problemas de escolarización, manteremos unha reunión onde intentaremos encontrar un punto de partida para a resolución deste conflito.
- Atendendo o xesto solidario dunha panadaría de Cambre respecto da cesión do excedente de pan a fins sociais, intercedeuse entre ela e Cáritas, de tal xeito que dez familias se poderán beneficiar de tan nobre iniciativa.
- Solicitou formalmente á Deputación provincial a recollida da froita da leira do Pazo de Mariñán de forma continuada. O organismo provincial accedeu á nosa petición e dende esta semana os voluntarios recollerán cada semana a froita. Incorporaron á despensa municipal catorce caixas de froita de temporada (cirolas e mazás fundamentalmente).
- O vindeiro venres, día 31 de xullo, asistirá, acompañando ao señor alcalde e conxuntamente co señor interventor, a unha reunión en Santiago con don Roberto Rodríguez, xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar Social para tratar o/os convenios de colaboración respecto das escolas infantís da "Galiña Azul" e O Temple.
- O programa Mañanceiro está en proceso de contratación. O prazo de presentación de propostas remata o vindeiro día 30. Manifestar neste sentido que dende o departamento de Servizos Sociais estamos a traballar nunha modificación da ordenanza que permita ampliar o obxecto social e obxectivos do programa.



- Os días 1 e 2 asistirán un representante técnico e un representante político a un seminario dentro do programa "Equilibrio-Balance", programa no que o Concello de Cambre está a ter un papel relevante. Este seminario terá lugar en Madrid.

- Non están a encontrar toda a receptividade, flexibilidade e sensibilidade que cabería esperar por parte das entidades bancarias á hora de poder atender, coa inmediatez que poida requirir o pagamento de recibos de luz e gas dentro do programa de axudas de emerxencia social. Dende o goberno municipal buscarán esa interlocución que permita salvar as trabas horarias establecidas polas entidades bancarias.

- Púxose a disposición da empresa que presta o servizo de axuda a domicilio Clece, S.L. o uso de dependencias municipais, dous días ao mes, coa intención de facilitar a relación empresa-traballadoras e deste xeito minimizar os tempos de desprazamento que estas últimas soportan desprazándose á Coruña para realizar trámites que, deste modo, poderán realizar en Cambre.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta do seguinte asunto:

- Están pendentes dunha reunión con emprendedores e con artesáns para estudar se melloran un pouco máis o que é a feira.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente**

Don Juan González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- Respecto dunha solicitude de información do BNG sobre a dragaxe da ría do Burgo. Examinado o expediente, manifesta que hai un protocolo, pero non está asinado. Neste protocolo están tres administracións: local, Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento. Na local inclúense Oleiros, Culleredo e Cambre. Déronse pasos por todas as administracións para dragar a ría, así, consta no ano 2013 un estudo de impacto ambiental. Hai un informe de don Ignacio Fernández Díaz, técnico de servizos, pero non hai ningún escrito de remisión ao Ministerio de Fomento. Supón que quedou parado, aínda que tamén hai unha nova normativa ao respecto, así que realizarán as xestións oportunas.

- Respecto das discrepancias sobre a ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público que se expuxeron na comisión informativa, convocouse aos hostaleiros e comunidades e están invitados Asamblea Cidadá e BNG. A reunión terá lugar o martes, ás 17.30 horas.

- En relación co escrito do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, rexistrado de entrada no rexistro auxiliar de Urbanismo o día 9 de xullo de 2015 co numero 1114, no que comunica as características do procedemento de regularización catastral 2013-2016. Ten por obxecto incorporar ao Catastro aqueles bens que non están inscritos, ou que o están de forma incorrecta ou incompleta, do que deu conta na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de xullo de 2015. Informa que se enviará un escrito ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas e que se informará aos veciños para os efectos oportunos.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:



- Presentación do Club de Béisbol o martes 21. Recibimento en Alcaldía.
- Revisión das instalacións dos campos de fútbol, Brexo lema(campo de entrenamiento), Lendoiro Barcala(11 caballeros), Lendoiro Cecebre.
- Presentación do Club de Chave O Temple nas dependencias de Deportes, con motivo do próximo Torneo de Cambre de Chave , a celebrar o día 8 no Dani Mallo.
- Reparada a caldeira de auga quente das duchas da piscina de O Balado.
- Entrega o venres 24 de desfibriladores nos campos de fútbol municipais, Dani Mallo e Lendoiro A Barcala.
- Xogouse a primeira xornada do torneo Copa de cambre o sábado 25 de xullo no campo de Lendoiro, co seguinte resultado.:

Sporting cambre- Bribes	2-3
11 Caballeros-Sigrás	4-1

Xogarase a segunda xornada do torneo o sábado 1 de agosto no campo Dani Mallo.

Brexo Lema-sigrás	17.30
Sporting cambre-Cecebre	19.30

- Tivo lugar a carón da casa da xuventude o domingo 26 de xullo un concerto a cargo do grupo Jackie Brown.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia